

CONVENIO ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DA III EDICIÓN DO “CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO MARÍTIMO-PESQUEIRO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Consello Galego de Relacións Laborais, en xuntanza da Comisión Permanente, de data 29 de xaneiro de 2025, acordou a realización da III edición do curso de especialización en Dereito Marítimo-Pesqueiro do Traballo e da Seguridade Social en colaboración coa Universidade da Coruña. Este curso foi iniciado no ano 2022 co obxecto de encher o baleiro de formación respecto das actividades marítimo-pesqueiras. Tralo éxito e a positiva repercusión das dúas pasadas edicións e pola demanda e gran utilidade da súa celebración coinciden as dúas institucións na importancia de levar a cabo unha nova edición (III), co fin de que estas actividades acaden a súa correspondente entidade no ámbito das titulacións universitarias galegas relacionadas coa docencia e coa investigación do Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Este curso persegue ofrecer e profundar nunha formación que axude a mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que realizan (por conta allea e por conta propia) actividades marítimo-pesqueiras, sendo este sector económico tan relevante na nosa economía e sociedade.

Diríxese o curso ao alumnado do Sistema Universitario Galego (sen prexuízo da presenza de alumnado procedente doutras universidades), así como a persoas profesionais que están relacionadas, directa ou indirectamente, con este traballo tan singular e que precisan coñecer (ou seguir coñecendo con máis detalle) o Dereito do Traballo e da Seguridade Social aquí aplicable.

Con este propósito formativo, a Universidade da Coruña e o Consello Galego de Relacións Laborais acordan levar a cabo unha III edición deste curso de especialización en Dereito Marítimo-Pesqueiro do Traballo e da Seguridade Social.

Por todo o anterior, considérase necesaria a subscripción deste convenio polo que se instrumenta a concesión directa dunha subvención nominativa a esa universidade, prevista na Lei 4/2024, de 27 de decembro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia nos para o ano 2025 e tramitada conforme ao disposto no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do seu Regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O convenio axústase ao disposto no artigo 26. 2 da citada Lei de subvencións de Galicia e ten por obxecto establecer os compromisos aplicables e as condicións polas que se concederá a subvención nominativa á UDC para a realización da *III Edición do curso de especialización en Dereito Marítimo-Pesqueiro do traballo e da seguridade social*, que se desenvolverá dende o 1 de abril de 2025 ao 21 de maio do ano 2025. O período de vixencia do convenio estenderase dende a súa data de sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos. A cantidade total (600,00€) abonaráselle á Universidade da Coruña unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 14.B1.324A.444.10. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso. Este importe non cobre os prezos públicos por expedición de títulos, que será abonado por cada estudante matriculado.

O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste curso mediante a achega de DEZASETE MIL CATROCENTOS EUROS (17.400,00€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 14.B1.324A.444.10, denominada “Subvención á Universidade da Coruña”, na que está previsto crédito axeitado e suficiente, segundo certificación expedida pola secretaria xeral do organismo, que se xunta ao convenio como **Anexo II**.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

Cristina Fabeiro Varela